



Punto da orde do día: 12 • documento

Proposta do xuro anual das achegas voluntarias ao capital social

ÍNDICE

Contorno económico global	2
Contorno económico da cooperativa	2
Proposta de xuro	2

Contorno económico global

- A guerra de Ucraína e a situación de desabastecemento de certas materias que viven os mercados debuxan un escenario de inflación sostida (6,5 % no ano 2021 e 3,9 % no 1º trimestre de 2022)
- Así e todo, os xuros no sector bancario continúan a ser moi baixos, e non está clara a tendencia futura (a Reserva Federal incrementou os xuros, pero, de momento, o BCE non fixo modificación ningunha)

Contorno económico da cooperativa

- A actividade de comercialización continúa a manter uns resultados sólidos, pero as diferentes crises de prezos da enerxía que vivimos, puxeron de manifesto a gran necesidade que temos de instrumentos financeiros para facerlle fronte.
- Un destes instrumentos son as achegas voluntarias, unha ferramenta que se demostrou áxil e con capacidade para darnos liquidez nun período moi curto de tempo, sen necesidade de pasar polos comités de riscos das entidades bancarias que retardan moito a aprobación de calquera tipo de operación de financiamento.
- Os xuros que pagamos nas entidades bancarias varían en función do produto, van do 1,20 % ao 2,75 %. Así e todo, non vemos que esta sexa unha referencia para fixar o xuro do noso capital xa que son produtos financeiros totalmente diferentes (diferentes períodos de amortización, diferentes usos...)

Proposta de xuro

Creemos que o xuro actual é axeitado, aínda máis se consideramos que as achegas voluntarias non son un produto de inversión creado para os socios senón un instrumento de capitalización da cooperativa.

Propoñemos, xa que logo, non modificar o xuro nas achegas voluntarias ao capital social e que este se manteña no 1 % actual para o período do 01/07/2022 ao 30/06/2023